



Concello do Porriño  
Concellería de Cultura




biblioteca  
municipal  
do porriño

# ACOMPañANDO NA AVENTURA DE CRECER

## XORNADAS PARA FAMILIAS E PROFESIONAIS

3ª EDICIÓN - 2024



Concello do Porriño

**Porriño**

o noso encontro

## **ACOMPAÑANDO NA AVENTURA DE CRECER**

Nesta nova edición das xornadas, organizadas pola concellería de Cultura do Porriño, a través da Biblioteca Municipal, abordarase novamente e dende diferentes perspectivas, como favorecer e previr problemas de atención e aprendizaxe. A atención e a presenza plena son habilidades que se cultivan dende a primeira infancia e as persoas adultas temos a responsabilidade de ser modelo e fomentar o espazo que lle permita á nosa infancia cultivar esta aprendizaxe.

Repetindo o formato da pasada edición, que tivo tan boa acollida, nesta ocasión volverase realizar un obradoiro, previo á conferencia, no que se favorecerá a experimentación en grupos reducidos e que precisa dunha inscrición previa na biblioteca ou a través do correo electrónico: [biblioteca@oporrino.org](mailto:biblioteca@oporrino.org).  
Despois do obradoiro terá lugar a conferencia aberta a todo o público, que non require inscrición.

**////////// IMPORTANCIA DO SONO NA  
SAÚDE DOS/AS NENOS/AS //////////  
////////// VENRES 16 DE FEBREIRO**

**////////// VISIÓN E ATENCIÓN //////////  
////////////////////////////////////  
////////// VENRES 15 DE MARZO**

**O CORPO E O MOVEMENTO DO/A  
NENO/A COMO FERRAMENTA  
PARA A SÚA APRENDIZAXE //////////  
////////// VENRES 10 DE ABRIL**

**OBRADOIROS**  
ÁS 16:30 H  
Con inscrición previa  
—

**CONFERENCIAS**  
ÁS 18:30 H  
—

**CENTRO CULTURAL MUNICIPAL**

# // IMPORTANCIA DO SONO NA SAÚDE DOS/AS NENOS/AS

**VENRES 16 FEBREIRO** //  
**OBRADOIRO // 16:30 H** // con inscrición previa  
**CONFERENCIA // 18:30 H** //  
**CENTRO CULTURAL MUNICIPAL /**

Exploraremos a relación entre o sono, o crecemento físico e o rendemento cognitivo dos/as nenos/as. Repasaremos os sinais comúns de problemas de sono e comentaremos estratexias para establecer rutinas saudables. O obxectivo é que os/as asistentes saian cun entendemento máis profundo da importancia do sono e obteñan ferramentas prácticas para promover hábitos saudables nos/as máis pequenos/as.



**relatora**

**Isabel Portela**

Graduada en Enfermería, Máster en Investigación Clínica e Xestión do Coñecemento Científico e experta en diagnóstico e tratamento dos trastornos do sono.

Membro de diferentes sociedades científicas do sistema respiratorio e responsable asistencial nacional de *Air Liquide Healthcare*.

Apaixonada da transmisión de información que poida axudar ás persoas a mellorar a calidade do seu descanso.

# ////// VISION E ATENCIÓN ////

**VENRES 15 MARZO** ////  
**OBRADOIRO // 16:30 H** // con inscrición previa  
**CONFERENCIA // 18:30 H** ////  
**CENTRO CULTURAL MUNICIPAL /**

Nesta conferencia falaremos sobre como a visión inflúe directamente no nivel de atención e no rendemento escolar.

Máis alá de ver “ben” ou ver “mal”, a visión pode afectar a nosa capacidade para realizar unha tarefa de cerca durante un tempo determinado, conseguir concentrarnos nas preguntas que estamos lendo nun exame ou incluso prestar atención ao encerado mentres hai alguén movéndose ao noso carón.



relatora

**Blanca Olmedo  
García-Señoráns**

Graduada en Óptica e Optometría pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Optometría Clínica e Terapia Visual polo Centro de Optometría Internacional.

Unha mente inqueda, en continua formación e aprendizaxe. Considera que a divulgación é unha arma poderosa e necesaria, especialmente cando falamos de peques e a súa aprendizaxe.

Algunhas destas dificultades experimentarémolas de primeira man no obradoiro, centrado especificamente en comprender que senten estes peques e así poder detectalas e axudalos/as da mellor maneira posible.

# //////////////////// O CORPO E O MOVIMENTO DO/A NENO/A COMO FERRAMENTA PARA A SÚA APRENDIZAXE //////////////////////

**VENRES 19 ABRIL** //////////////////////

**OBRADOIRO // 16:30 H** // con inscrición previa

**CONFERENCIA // 18:30 H** //////////////////////

**CENTRO CULTURAL MUNICIPAL /**

A conexión entre o desenvolvemento motor e os problemas de aprendizaxe é crucial. As habilidades motoras afectan á participación en actividades académicas e sociais. As dificultades na coordinación motora poden ser un indicador temperán de desafíos educativos, por iso veremos como abordar o desenvolvemento motor para contribuír a unha aprendizaxe máis efectiva e a un crecemento integral do/a neno/a.



**relatora**

**Yolanda  
García Pizarro**

Fisioterapeuta. Especialista en Desenvolvemento Infantil. Traballa en pediátría dende hai 25 anos acompañando a familias no desenvolvemento dos seus fillos e fillas.

Defensora da prevención nas dificultades do desenvolvemento e do apoderamento das familias a través da información. Formouse en campos tan diversos como a medicina tradicional chinesa, a neuropediátría, a fisioterapia en lactación materna; mestra de ioga para nenos/as e adolescentes instrutora de masaxe infantil, terapia manual e integración de reflexos.

**coordinadora**

**Laura Alonso Coto**



Óptico-optometrista con formación de Posgrado en Optometría Clínica e Terapia Visual. Ampla e continua formación en varios ámbitos, destacando o desenvolvemento infantil. Conferenciante en diferentes relatorios e cursos de ámbito nacional e internacional.

Vocación altruísta, que a leva a colaborar con varias asociacións, así como a ser socia clínica de SIODEC (Sociedade Internacional de Optometría do Desenvolvemento e o Comportamento). Tamén participa activamente en “*Abre sus Ojos*” e “*Ocularis*”, onde realiza a avaliación a persoas con discapacidade intelectual e forma profesionais en países en desenvolvemento.

Actualmente, combina a súa traxectoria profesional coa dirección da súa propia consulta de optometría e imparte cursos para optometristas a través da “*Asociación Española de Optometristas Unidos*”, entre outros proxectos de divulgación e prevención visual.



Concello do Porriño  
Concellería de Cultura



biblioteca  
municipal  
do porriño

OBJECTIVOS  
DE DESENVOLVIMENTO  
SOSTIBLE

3 SAÚDE  
E BIENESTAR



4 EDUCACIÓN  
DE CALIDADE



5 IGUALDADE  
DE XENETRO



10 REDUCCIÓN DAS  
DESIGUALDADES



Xa o sabes, reserva na túa axenda o terceiro venres de febreiro, marzo e abril, . Non o esquezas, ás 16:30 h os obradoiros (con inscrición previa) e ás 18:30 h as conferencias no Centro Cultural Municipal.

### CORREO ELECTRÓNICO

[biblioteca@oporrino.org](mailto:biblioteca@oporrino.org) (para inscricións)

### SERVIZO DE ACOMPAÑAMENTO INFANTIL

Durante o tempo da charla contaremos con persoal para acompañar as vosas crianzas e aproveitar para mostrarlles o fondo bibliográfico da Biblioteca Municipal.

A túa  
biblioteca



Concello do Porriño

Porriño  
o noso encontro



ooc  
PUBLICIDADE &  
COMUNICACION